

Percibe o alumnado de FP dual algún tipo de remuneración?

O alumnado percibe unha remuneración proporcional ao tempo de permanencia na empresa: tempo efectivo de traballo.

Para o seu cálculo, utilizarase a contía establecida no convenio colectivo ou, de non existir, a contía do salario mínimo interprofesional. 50% o primeiro ano e 60% o segundo ano.



Que é a FP dual?

É unha modalidade de formación profesional que ten como finalidade a cualificación profesional das persoas nun réxime de alternancia da actividade laboral nunha empresa coa actividade formativa nun centro educativo.

Cal é o valor engadido da FP dual para a empresa?

- A empresa participa activamente no deseño do programa formativo, incorporando os seus procesos e a súa cultura empresarial, cunha maior incidencia na formación práctica do alumnado.
- Constitúe uns dos mellores sistemas de selección de persoal para as empresas, ao participar estas na selección inicial do alumnado, e por ter un coñecemento directo das súas competencias profesionais durante o período formativo.
- Mellora a competitividade, dotando a empresa de capital humano coas mellores habilidades persoais e profesionais, e un alto grao de cualificación.
- A empresa participa da responsabilidade social de fomentar a formación e a empregabilidade das persoas.

E&C é un proveedor de solucións de electrónica industrial para diferentes sectores (eólico, solar fotovoltaico, naval, etc) abarcando todo o ciclo de vida do produto (deseño, industrialización, fabricación e servicio postventa).



CIFP FERROLTERRA
Rúa Ramón y Cajal s/n
15403 Ferrol - A Coruña



cifp.ferrolterra@edu.xunta.es
981-333107
f FerrolterraCIFP
@ cifpferrolterra

Reserva a túa
praza a partir da
2ª quincena de
xuño



Ciclo Superior en Mantenimento Electrónico (Industrial)



Formación Profesional
Formación de Futuro

O título en mantemento electrónico permite facer o mantemento e a reparación de equipamentos e sistemas de telecomunicacións, sistemas microprocesados, redes de banda larga, telemática e radiocomunicacións, así como equipamentos industriais e profesionais de audio e vídeo.

Que vou aprender e facer?

- Realizar o estudo, a definición, a concepción e o desenvolvemento de pequenas tarxetas e equipos electrónicos.
- Organizar, xestionar e controlar a fabricación e a posta a punto dos prototipos electrónicos.
- Manter os equipos electrónicos profesionais, utilizando os medios e técnicas de mantemento adecuados e dando o apoio e o asesoramento necesarios aos técnicos que o pidan.

Cales son as saídas profesionais?

Técnico en definición, análise e desenvolvemento de produtos electrónicos; proyectista electrónico; técnico en prototipos electrónicos; técnico de soporte en produción electrónica; técnico en control de calidade de produtos electrónicos; técnico de soporte e laboratorio para o mantemento de equipos electrónicos industriais.


Para cursar estes estudos debes ter interese polo mundo da tecnoloxía, a electricidade e a electrónica. Ademais deberás ser unha persoa con capacidade de resolución de problemas, de organización, de responsabilidade, de traballo en equipo, autonomía, capacidade de relación interpersoal e iniciativa.

Plan de formación

Os módulos profesionais deste ciclo serán impartidos entre o centro formativo e a empresa **Electrónica y Comunicaciones** (P.I De Vialr do Colo), e serán os seguintes:

- Circuitos electrónicos analóxicos.
- Equipamentos microprogramables.
- Mantemento de equipamentos de electrónica industrial.
- Técnicas e procesos de montaxe e mantemento de equipamentos electrónicos.
- Formación e orientación laboral.
- Mantemento de equipamentos de radiocomunicacións.
- Mantemento de equipamentos de voz e datos.
- Mantemento de equipamentos de audio.
- Mantemento de equipamentos de vídeo.
- Infraestruturas e desenvolvemento do mantemento electrónico.
- Proxecto de mantemento electrónico.

Nota. Os módulos en laranxa claro están asociados a algunha unidade de competencia.



Como é o ciclo formativo?

É un ciclo formativo Dual de 2000 horas repartidas en dous cursos. O alumnado estará cada curso no centro formativo aproximadamente 7 meses e 5 meses na empresa.

A **inserción laboral deste ciclo é moi elevada**, por ser parte dun sector en crecemento e por dar a oportunidade de formarse en empresas líderes no mercado con ampla experiencia no sector.

